



CONCURSO INFANTIL DE POSTAIS DE NADAL

O Concello de Vimianzo convoca o Concurso Infantil de Postais de Nadal, que se rexera polas seguintes **BASES:**

- 1-Poderán participar todos os nenos e nenas de Educación Infantil e Educación Primaria.
- 2- O tema dos debuxos será **"Vive o Nadal en Vimianzo"**
- 3-A técnica será libre exceptuando as purpurinas, algodóns e as tintas metálicas que non serán admitidas.
- 4- As dimensións máximas do soporte serán 210 x297 mm (A4). O formato da imaxe será libre sempre e cando estea contido dentro do **formato A4 e por unha soa cara.**
- 5- Non se admitirán os traballos que veñan pregados.
- 6- No reverso da obra indícase: título do traballo, nome e apelidos do autor ou autora, idade, teléfono familiar, curso e nome do Centro escolar.
- 7- Non se admitirán traballos que veñan sen asinar ou os que acheguen os datos noutro lugar diferente ao especificado na cláusula anterior.
- 8- Establécense catro categorías:

Categoría A: nenos e nenas de 4º, 5º e 6º Educación Infantil

Categoría B: nenos e nenas de 1º e 2º Educación Primaria

Categoría C: nenos e nenas de 3º e 4º Educación Primaria

Categoría D: nenos e nenas de 5º e 6º Educación Primaria

9-Estableceranse **dous premios en cada categoría** consistentes en material didáctico ou libros de lectura.

10-**Os traballos serán entregados na Casa da Cultura de Vimianzo de luns a venres de 10:00 h. a 20:00 h. e os sábados de 10 a 13:00 horas.**

11-Entre os debuxos premiados o Concello seleccionará a postal de Nadal que se utilizará para o cartel do Nadal de 2024.

12-O fallo do xurado darase a coñecer o 22 de decembro e a entrega de premios realizarase ese mesmo día nun acto público na Casa da Cultura.

13- Todos os debuxos presentados serán expostos na Sala de Exposicións Antón Mouzo da Casa da Cultura.

14- **O prazo de presentación de traballos ábrese o 15 de novembro e remata o 18 de decembro de 2023.**

15- O xurado será designado pola Alcaldía e o seu fallo será inapelable.

16-A participación no concurso supón a aceptación das presente bases.

info: www.vimianzo.gal

Vimianzo, 13 de novembro de 2023

